

20

as nosas voces



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

XAQUÍN LORENZO

Xocas

ARQUIVO
SONORO
DE GALICIA

XAQUÍN LORENZO XOCAS

as nosas voces **20**



Consello da Cultura Galega
Arquivo Sonoro de Galicia
Santiago de Compostela, 2004

Lorenzo Fernández, Xaquín

Xaquín Lorenzo "Xocas" / [coordinación, Rodrigo Romaní ; limiar, Afonso Vázquez-Monxardín Fernández ; transcripción, Cristina Pujales]. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, 2004.

1 disco (CD) + libro. — (As nosas voces ; 20)

D.L. VG 344-2004. — ISBN 84-95415-83-3

1. Lorenzo Fernández, Xaquín-Entrevistas. I. Romaní, Rodrigo. II. Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso. III. Pujales, Cristina. IV. Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia. V. Serie

TÉCNICO DE SON: Equipo Arquivo Sonoro de Galicia

LIMIAR: Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

TRANSCRICIÓN: Cristina Pujales

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Begoña Tajés

COORDINACIÓN: Rodrigo Romaní

EDITA:

© Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 – Fax: 981 957 205

correo@consellodacultura.org

REALIZACIÓN:

Obradoiro gráfico de Edicións do Cumio

cumio@cumio.com

FOTOGRAFÍA DA PORTADA: *Pedra Alta* da Antela (Manoel Santos)

ISBN 84-95415-83-6

D.L. VG 344-2004

O Consello da Cultura Galega agradécelles á Radio Galega, a Ana Romaní, a Alfredo Vara, a Manuel Guede Oliva e a Afonso Vázquez-Monxardín as facilidades outorgadas para a recuperación e a edición destes documentos sonoros.

PRESENTACIÓN

Velaí o testemuño dunha voz imprescindible da cultura galega, Xaquín Lorenzo Fernández *Xocas*, a quen Antón Fraguas aludira como “o noso mellor especialista na etnografía e no folclore”. A voz do persoeiro, a quen neste ano honramos co gallo do Día das Letras Galegas, trae os mellores ecos da Xeración NÓS e do Seminario de Estudos Galegos. Ecos e compromisos de onte que hoxe necesitamos moi especialmente.

O Consello da Cultura Galega, a través do Arquivo Sonoro de Galicia, súmase á efeméride con esta escolma de voces de *Xocas*, home de moí diversos rexistros no seu traballo infatigable ao servizo de Galicia. “Sinto que a vida que Deus me deu, deuma para traballar por Galicia”, escribiu. Foi ese o seu obxectivo irrenunciabile e ben cumprido e desa tarefa “fala” ben esta nova entrega da primeira institución cultural de Galicia.

Alfonso Zulueta de Haz
Presidente do Consello da Cultura Galega

LIMIAR

Don Xoaquín Lorenzo foi un home moi do seu tempo, da época do xurdir galeguista de antes da guerra, e moi dos nosos tempos, dos da emersión dunha sociedade civil consciente e da institucionalización da autonomía, nos anos oitenta do século pasado. Entrambas beiras cronolóxicas tocoulle en sorte tender pontes de conexión entre uns homes que soñaran unha Galicia distinta e outros que lles cadrou ter que vivir a complexa realidade dun país que se puña en marcha.

Don Xoaquín compartiu, pois, as vellas ideas da recuperación da identidade galega, do galeguismo, e tratou de proxectalas no tempo en que viviu. Tamén foi debedor do século XIX na formación das técnicas instrumentais básicas para o bo exercicio do seu traballo; soubo aplicar, como moi poucos, o debuxo, no que fora adestrado polo pai, á recompilación de datos da etnografía material. Tamén, sobre todo contra os mediados de século, traballou con grande eficacia o campo da fotografía, como xeito de recoller información para os seus traballos de arqueólogo e etnógrafo, e incluso como fotógrafo artístico ou retratista de amigos.

No ano 1940 participou como coguionista dunha das máis interesantes curtametraxes etnográficas galegas, “O carro e o home”, rodada polo cineasta Antonio Román nas terras de Lobeira.

Partindo do clásico debuxo, vemos pois a súa apertura ás outras técnicas de recolla de información, fotográfica e fílmica. E aínda que as gravacións sonoras tardaron moito tempo en popularizarse no noso país, algo puido facer. Entre os materiais que don Xoaquín Lorenzo deixou en herdo ao Museo do Pobo Galego, institución coa que soñara desde moi novo, hai tres casetes, gravadas por el mesmo, que poderían servir de síntese dunha traxectoria vital.

Na primeira delas é a propia voz emocionada de don Xoaquín a que fala durante a preparación dunha conferencia que habería dicir, en Ourense, en lembranza de Otero Pedrayo. Don Xoaquín, consciente de que un dos papeis principais que lle cadrara representar nesta vida fora o de fío de continuidade entre os seus amigos da Xeración Nós e os novos tempos, desexaba que lle saísen especialmente ben aquelas palabras... e para iso debía facer aquilo ao que estaba afeito: traballar sen acougo, ensaiar... para deixar pouco oco á casualidade e o menor posible ao inevitable desbordamento da emoción. Era o seu rol de testemuña da memoria dos amigos que tantas anécdotas e vivencias nos achegaron daqueles tempos, daquelas xentes.

Na segunda cinta, gravada en Lobeira un día calquera de 1980, subido a un carro, don Xoaquín recolle a voz cantareira e renxedora dun vehículo esmorecente. Rosalía preguntárase se a gaita cantaba ou choraba e concluía que era queixa... *Xocas* –ímoslle chamar respectuosamente polo hipocorístico popularizado que só usaban con el os amigos– ensinounos, pola contra, que o carro en Galicia sempre cantaba, ledo e rideiro... Incluso a exclamación e aturuxo por excelencia, o berro de fortaleza e vitalidade campesiña, inclúe esa inflamación positiva do eixo: *¡Árdelle o eixo!*... Porén, é posible que o carro daquel día en Lobeira estivese, de certo, cho-

rando coa queixa agónica do símbolo da vitalidade e ledicia campesina que se resistía a morrer... O carro cantareiro é xa só unha lembranza que ecoa cada vez máis fondo e máis lonxe dentro de nós. Don Xoaquín exerce, neste caso, con novas tecnoloxías de gravación, o seu rol de notario dunha realidade que se esvae, como fixera antes co debuxo, coa fotografía, coa palabra...

Na terceira casete, escoitamos o repique enteiro das campás da capela da Nosa Señora do Viso, o día da Romaría do Viso Grande. O Viso, o cume elevado –de boa visión– desde onde se goza coa contemplación da Limia Baixa, das terras da súa Lobeira familiar... O Viso, de onde desapareceu un miliario romano do ramal da Vía Nova que desde as terras dos Querquernos se dirixía a Ourense e Lugo... O Viso, a festa por el revitalizada dos crentes galegos e galeguistas... Don Xoaquín é, no Viso, pobo galego reencarnado con fe, alegría e ilusión de futuro.

O Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega garda copia destas casetes, emblemáticas pero tanxenciais. Por iso, na vontade de comunicarlles na Festa grande das nosas letras unha palabra de vida, pareceu máis axeitado construír unha fermosa e interesante escolma da propia voz de don Xoaquín. Así, neste CD que teñen entre as mans, podémolo escoitar durante máis dunha hora falando de si mesmo e da súa percepción do mundo e das xentes. A través deste conxunto de gravacións, o público poderá coñecer, en primeira voz, as súas ideas e sensibilidades sobre os vellos e novos temas que sempre lle preocuparon. A obsesión de servir a Galicia dunha forma honesta e constante, como misión dunha vida; a necesidade de fundirse coa paisaxe para ser Terra, o sentir do pobo galego, a educación de onte e hoxe, os homes e ideas da Xeración Nós, a inquedanza dos novos proxectos culturais, a confianza na mocidade... pero non é só unha lembranza saudosa do pasado. Tamén opina do momento no que se vive: o exceso de diñeiro que se gasta en armamento, a confrontación entre os novos e os vellos tempos, as transformacións físicas da cidade de Ourense...

O feito de ter elaborado esta entresaca de textos con base en entrevistas orixinais da Radio Galega, Manuel Guede, Alfredo Vara e Afonso Vázquez-Monxardín, permitiu seleccionar fragmentos sumamente significativos das súas declaracións, polo que cada corte é unha xofía de palabra e emotividade.

Escoitar de novo a verba acesa e xenerosa de don Xoaquín tráenos saudades de tempos non demasiado recuados, nos que homes do Seminario de Estudos Galegos seguían activos entre nós. Lembremos como o traballo dalgúns daqueles *seminaristas* como Ricardo Carballo Calero, Xosé Filgueira Valverde, Antón Fraguas ou o propio Xoaquín Lorenzo se prolongou ininterrompidamente, por riba da dificultade e das circunstancias de cada momento, ata os nosos tempos. O eco de *Nós*, atado con fíos do *Seminario*, chegou deste xeito ata as nosas institucións, os nosos proxectos e as nosas ilusións.

Que o exemplo de xenerosidade e compromiso destes homes, personalizado neste ano en Xoaquín Lorenzo Fernández, poida servir de guía ao resto dos galegos.

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

TRANSCRICIÓN

Esta nova entrega da colección *As Nosas Voces* é unha selección de fragmentos de diversos documentos do Arquivo Sonoro de Galicia nos que se recollen varias intervencións procedentes do programa *Parladoiro* da Radio Galega realizado en 1985. Así mesmo, extractos dunha conversa mantida na súa casa da rúa da Paz en Ourense, en 1984, por *Xocas* cos alumnos do Colexio *As Lagoas I* por iniciativa do seu profesor Manuel Guede Oliva, así como dúas entrevistas xa editadas en 1995 co gallo do Centenario do Museo Arqueolóxico de Ourense, levadas a cabo por Alfredo Vara en 1987 e por Afonso Vázquez-Monxardín en 1979. A selección fíxose atendendo a criterios de interese histórico e ao valor emocional de distintas apreciacións, tanto pertencentes á experiencia vital do etnógrafo e galeguista, como de unha perspectiva colectiva, con opinións e análises propios de quen posuía unha excepcional clarividencia das dinámicas sociopolíticas do noso país.

A transcripción dos documentos sonoros que se acompaña está adaptada, fundamentalmente en cuestións ortográficas e gramaticais, á actual normativa lingüística.



A VIDA QUE DEUS ME DEU

Sinto que a vida que Deus me deu, deuma para traballar por Galicia. Por iso nacín nela. Por iso me puxen en contacto co pobo galego. Por iso coñezo as súas tradicións, as súas lendas, as súas artes. Porque a miña misión era esa: o estar en contacto con Galicia. E para min falar de Galicia é falar da miña vida. Porque Galicia encheu toda a miña vida. É a do verso de Cabanillas: “Galiza, nai e señora”. Iso foi para min Galicia e iso segue sendo sempre: nai e señora. Sempre agarimosa e forte, preto e lonxe, onte, agora, mañá. Na vida e na morte.



O QUE EU FIXEN

É tanto o que hai que facer que non é posible facelo todo. Por outra parte eu fixen moitas cousas pero desas moitas cousas hai unhas que estarán incompletas; outras estarán equivocadas porque as fixen, en fin, con poucos elementos ou con poucos medios e equivoqueime nelas e terán que ser rectificadas. O único do que levo feito que para min ten un positivo valor é o pensar unha cousa: que todo o que fixen, fíxeno pensando en Galicia. Que o fixen para Galicia, que o fixen por Galicia. Bo ou ruín, completo ou incompleto, moito ou pouco, como sexa, pero foi feito por Galicia e para Galicia, por certo, desde logo, con todo o meu interese e con todo o meu corazón posto en Galicia.



FUNDIRSE NA PAISAXE

Eu séntome diante dunha paisaxe. Admiro o regato que pasa aos meus pés, as árbores, o cantar dos paxariños, os montes que quedan derredor. Pero ao pouco tempo prescindo da paisaxe como tal e síntome eu parte da paisaxe. O mesmo que está alí o regato e está o paxaro e está a árbore e está o monte estou eu. Eu son parte da paisaxe. E logo vén un terceiro estadio, que dura moi pouco pero que me produce unha impresión tremenda, que é o desexo de fundirme na paisaxe, de desaparecer eu e de ser eu paisaxe. Así sinto eu a necesidade de me fundir na terra, en Galicia. Porque para nós a terra é Galicia.



A ETNOGRAFÍA

Hoxe estúdase, pois, que direi eu, os costumes, as lendas, as ferramentas que empregan os homes, os cultivos que fan, a terra, a casa,... Todo iso estúdase. Pero en cambio esquécese que todo iso non é máis que a casa onde vive alguén. E ese alguén, que é a xente do campo, é o que ten verdadeiro valor e é o que ten verdadeiro interese. Se un quere estudar Galicia, ten que estudala no campo. Pero sen esquecer que no campo vive a xente e que esa xente debe de ser o motivo fundamental de todas as actividades en Galicia. E hoxe iso estase perdendo porque como vostedes saben, e estámolo vendo todos os días, os únicos problemas que se presentan aquí son os problemas de tipo industrial. As industrias. Que non nos quiten as industrias. Queremos as industrias.

E o campo, ¿que? O campo, nada. Ninguén se ocupa do campo. Hai os obreiros pero non hai os campesiños. ¿Comprenden vostedes? E este é o gran problema de Galicia: que o campo está abandonado. Ao ser abandonado o campo polos poderes, naturalmente os que viven do campo teñen que abandonalo porque entón xa o campo non lles dá para vivir. E teñen que vir á cidade, convértense en obreiros. Entón é cando aumenta o desemprego. A min, ás veces, faime gracia ao ir polas estra-

das e ir mirando para os lados, se vostedes o fan, ocorreráselles o mesmo que se me ocorre a min. E din que non hai traballo e os campos están sen cultivar. ¿Por que? Porque non hai quen os cultive. Pero, entón..., ¿en que quedamos? ¿Hai traballo ou non hai traballo? O que ocorre é que ese traballo, que é o fundamental en Galicia, non está protexido como debía de estar. Que o campo é o que está pagando todo e non recibe nada.



O CARBALLO DA PORTELA

Parece que o meu destino era ir despedindo á xente. A min a miña vida lémbreme unha cantiga popular que di: “O carballo da Portela / xa non ten folla ningunha / porque llas levou o vento / seica todas, unha a unha”. Fun vendo como arredor meu ía desaparecendo todo o que engalanou a miña vida. Foi primeiro o meu pai, despois a miña avoa, despois o meu avó, o meu irmán, a miña nai. Logo, ver como se me ían estes homes. Como Cuevillas, Risco, Otero, Castelao, Bóveda, Casal,... Aqueles homes do Seminario de Estudos Galegos que tanto me acubillaron. Todo iso supón unha mágoa moi grande para min. Pero tamén supón algo transcendental: eu creo que na vida todo ten a súa compensación. E estas dores miñas foron unha lección marabillosa. Porque aqueles homes, todos eles, por riba da súa ciencia, da súa bondade, ensináronme unha cousa: ensináronme a morrer.



O POBO E A XENTE

Somos un pouco afeccionados a falar de Galicia, da casa galega, da etnografía galega, do folclore galego, da historia galega; todo isto está moi ben. Pero detrás diso hai algo, que é o pobo galego. É a xente que fixo todo iso, e iso témolo un pouco esquecido e só cando un se mete a fondo ao estudo destas cousas chega a identificarse con ese pobo, co pobo de Galicia. E entón é cando un lle ve as súas grandes virtudes e os seus defectos, porque tamén os ten. E cando nós nos damos conta de que somos nós. Que temos unha personalidade, mellor ou peor, pero nosa.



O TRATO COS CAMPESIÑOS

Para min os campesiños son familia. Tívenos, e sigo estando sempre en contacto con eles na miña Lobeira. Cando alguén ten algún problema, cando necesita algo, vén aí, e veñen á miña casa. E eu cando estou en Lobeira –paso sempre os veráns alí–, cando necesito algo, pois chamo por un veciño calquera. Isto precisamente é a única complicación que teño eu alí. Que se necesito que dous homes me veñan axudar para facer unha cousa, despois ao día seguinte téñolles que dar explicacións aos demais: “E vostede chamou a fulano e a min por que non me chamou”, “Pero vostede non sabe que eu...”. E eu chego alí e dáme a impresión que é unha renda que me teñen que pagar aqueles homes. Porque é que non poden imaxinar vostedes o que é. En canto chego eu, uns quérenme traer leite e outros quérenme traer ovos, e outros... E eu non lles dou nada a cambio diso. Pero todos se cren obrigados a min.

E eu fágolles o que poido, claro. O último que fixen foi darlles todas as leiras que tiña en Lobeira. Eu alí xa non teño leiras. As leiras déillelas aos campesiños. Porque nisto lembraba eu un mandato que formaba parte do programa galeguista que se publicou no ano 1918 –e isto é o que a xente ignora–, que é un programa tan fundamental, tan

novo, que hai sobre todo dous postulados, un deles dicía: “Igualdade do home e da muller”. A muller –vostedes non chegaron a ese intre–, pero ata o ano 1931, en que en España se proclamou a república, as mulleres non votaban, as mulleres non tiñan voto. O voto foilles concedido ás mulleres pola Primeira República. Tivo moita gracia porque en canto lles concederon o voto ás mulleres, as mulleres, influídas polo cura, influídas polas ordes relixiosas,... votaban todas pola monarquía. É dicir: votaban (a) aqueles que lles negaban o voto e, en cambio, negábanlles o voto a aqueles que llelo concederon. Pero, en fin,... Á parte diso o Partido Galeguista propugnaba a igualdade de dereitos para o home e a muller.

E a outra cousa que foi á que eu me acollín para facer iso en Lobeira foi “a terra para quen a traballa”. Pois isto o Partido Comunista non tería inconveniente ningún en asinalo. E, con todo, o Partido Galeguista non era nin é comunista. O que facía –e fíxense que cando falo do Partido Galeguista falo en pasado non en presente, porque hoxe o Partido Galeguista, non sei, non o entendo; e como non o entendo pois non son del nin de ningún partido–, pero antes aquel Partido Galeguista Nós non seguía ningún programa deste partido nin deste, escollía o que estaba ben en cada partido que se podía aplicar a Galicia para melloralala. E iso era o que facía.



A EDUCACIÓN

A educación hoxe en Galicia, e cando falo de Galicia –téñano presente sempre– falo do campo galego, é o único que ten valor, é o único que me interesa porque das cidades tanto dá falar de Ourense como falar de Porto, de Johannesburgo ou de Washington. É exactamente igual. Pero no campo é onde está Galicia. No campo; non na cidade. E eu cando falo do campo, cando falo de Galicia, falo por iso, do campo galego. É desastroso. Baixo todos os aspectos. E é desastroso porque transplantar a cidade ao campo é un enxerto que non pode prender. O campo galego necesita uns plans de ensino. Ten nese aspecto unhas necesidades completamente distintas das da cidade. É ridículo o descoñecemento total que hai na cidade do que é o campo. A un rapaz da cidade non se lle ensina o que hai no campo. En cambio, quéreselle ensinar ao rapaz do campo o que hai na cidade. Unhas veces isto é feito por uns órganos de goberno; o goberno dá uns plans de ensinanza e os encargados desa ensinanza son os que llela proporcionan aos rapaces do campo galego. Pero logo hai uns métodos indirectos, a televisión e a radio, que están predicando sempre dende a cidade e con vistas á cidade. Así se dá esta ignorancia total que teñen os rapaces da cidade do que é o campo.

Vostedes collan estes rapaces que se crían e educan na cidade, fálenlles vostedes de como se malla o ceoteo, ou como se elabora o liño, ou como se ara un campo, ou que é iso do xugo nos bois. Fálenlles vostedes diso e xa verán que idea teñen. Claro, así se explica iso que contan, eu non sei se é verdade ou non, falaban dun gobernador de Lugo que chegou a Lugo e unha das primeiras cousas que preguntou foi que lle dixesen en que época se sementaban as sardiñas. Non me estraña. Se a un rapaz de aquí na cidade lle preguntan: “Oes, ¿ti sabes en que época se sementan as sardiñas? Pois non sei porque non as vin sementar nunca”. É un descoñecemento absoluto. En cambio, queremos que os campesiños, que os fillos dos nosos campesiños, os rapaces do campo, antes de saber as cousas que eles están vendo todos os días, que é a terra, os cultivos e a economía do campo, queren que se decaten dos artigos da Constitución ou que se decaten dunha serie de cousas, dos problemas laborais das cidades ou dos problemas dos ferrocarrís ou das liñas de aviación. Cousas que a eles *lles teñen* completamente *sen coitado*, os máis non utilizarán nunca e, en cambio, saen do campo cunha falta de educación absoluta que se traduce nunha cousa lamentabilísima que está ocorrendo en Galicia como consecuencia da emigración.

As calamidades da emigración non se poden enumerar porque son moitas. Pero unha delas, que eles terán visto moitas veces, son estas construcións desatinadas que están facendo no campo. Un individuo

vai a Alemaña, a Francia, a Suíza..., fai algúns cartos, regresa e quere a súa casa no campo. Cousa natural e lóxica. ¿Pero que fai para esa casa? Imitar unha que viu en Suíza, ou unha que viu en Holanda, ou unha que viu en Alemaña. E así saen estas casas que hai hoxe, que parecen..., A min danme a impresión de cuartos de baño ao revés. Forradas de azulexos ou de *gresite*, con tellas azuis, esas cousas ridículas que nos veñen meter no medio do campo e que, claro, á xente que ten un certo..., en fin, unha certa sensibilidade, moléstanlle. Moléstanlle porque... Hai unha frase famosa de que lle “sentan ao campo como a un cristo dúas pistolas”. Hai, por exemplo, unha construción rural, unhas vivendas rurais tradicionais que hai que modernizar, naturalmente, porque hai que ter en conta que non se trata de que a xente siga vivindo sen ter cuarto de baño, sen ter calefacción ou sen ter as comodidades indispensables. Naturalmente que se necesita todo iso. Pero o que hai é que saber adaptar iso á casa que existe hoxe e que foi imposta pola xeografía, polo clima, polo costume, pola economía, por todo o que rodea ao home. E isto é o que hai que facer. Ensinarlles como é a nosa casa do campo para que aprendan como se pode mellorar, como se debe mellorar... e que é o que desa casa se debe conservar; cales deses elementos son fundamentais porque están destinados a cubrir unha necesidade.



AS RELACIÓNS OTERO PEDRAYO - RISCO

Pois eu, que tratei intimamente a Risco, a Otero, agora concretamente falando dos dous, trateinos intimamente, non vin nunca semellante rivalidade nin semellante cousa. Había entre eles unha liberdade de pensamento como houbo sempre entre todos nós. Porque a min non me preguntaron nunca ningún deles como pensaba politicamente porque *lles tiña sen coidado*. Houbo sempre unha irmandade que non se desfixo nunca. Risco, Cuevillas e Otero a min lembrábanme aquel lema da República Francesa: “unha e indivisible”, e os tres formaban unha unidade, unha plena unidade. Non había diferenzas entre eles. Podía haber opinións, iso é á parte.

Eran uns homes que tiñan un espírito dunha institución pouco coñecida en España pero que tivo unha transcendencia enorme, que foi o Centro de Estudios Históricos de Madrid. Naturalmente que desapareceu ao estalar a guerra. Eu traballei unha temporada ata que estalou o movemento. Eu traballei alí, no Centro de Estudios Históricos. Eu entrei alí e o único que non necesitei que me pedisen, porque o vin, e como o vin adapteime a aquilo, eran unhas pequenas cousas que había que respectar. Non se podía falar en voz alta, non

se podía falar a gritos, naturalmente, porque iso molestaba aos demais. Había que falar cunha voz prudente. Non se debía de fumar porque aquilo molestaba aos demais. E eu, que era fumador, dende as seis da tarde que entraba alí ata as nove da noite non se me ocorría fumar. Había que ir correctamente vestido porque aquilo efectivamente era unha falta de corrección non vestir, supuña unha ofensa para os demais. Supuña polo menos que aos demais lles podía molestar, alí molestaba, era unha falta de atención. Agora, ao lado diso, a min nunca me preguntaron alí a miña idea política.

E alí había homes –eu tratei, ben, traballei con xentes como Torner, que era comunista, como Menéndez Pidal, que era un home de esquerda, como o padre Villada, que era xesuíta– e alí non había dificultades, non había tropezos de ningún xénero entre uns e outros. Cada un politicamente pensaba o que quería pero alí estabas a traballar pola ciencia. E o padre Villada traballaba en paleografía e non se lle ocorría pensar se era dun partido político ou se era doutro o señor que traballaba con el porque o único que ían alí era a traballar en paleografía. E eu traballaba en xeografía con Dantín Cereceda e Dantín Cereceda nunca me preguntou “¿e vostede que opina da política?”. Non. A min o único que facía era expoñerme teorías sobre a xeografía e indicarme o que significaba a xeografía humana, o valor que tiña, pero nada máis. Pois aquí ocorríanos algo diso. Non se lle

ocorreu a ninguén pensar na política nese aspecto. E estes dous homes, Otero e Risco, respectábanse e queríanse profundamente, moi profundamente. Pese a todas esas rivalidades que quixeron inventarlles.



O FROITO DA *XERACIÓN NÓS*

Ao ver que despois de corenta anos en que tivemos que estar calados, en que non podíamos falar, en que non podíamos usar o galego, despois de todo aquilo transcorre ese tempo de silencio e é para min unha satisfacción enorme ver como ao cabo dese tempo xorde toda esta xeración de rapaces novos, de rapaces que en realidade non tiveron contacto con aquela fonte inicial do galeguismo pero que son algo así como, como diría eu, froito daquela semente. Unha semente que estivo acochada na terra pero que non perdeu a vitalidade, que cando chega o intre entón brota para arriba como brota o campo na primavera. Non fai falta unha continuidade persoal. Basta a continuidade da idea e a idea mantívose.

E para a min é unha sorpresa enorme ver como todo aquel traballo, uns traballos enormes –como o de Castelao, o de Otero ou de Risco; outros que fomos facendo algo–, ver que todo aquilo non se perdeu e que confirma unha cousa que eu pensei sempre: que non hai traballos perdidos. Que un traballo sempre dá froito, maior ou menor, máis pronto ou máis tarde, pero que un traballo non se perde nunca.



LOSADA DIÉGUEZ

Losada Diéguez foi a semente da Xeración Nós. A Xeración Nós nace por iso, porque houbo un Losada Diéguez que deitou a súa semente nuns homes extraordinarios que providencialmente aparecen en Ourense nesa época e entón esa semente fructifica e dá lugar á Xeración Nós, á revista *Nós*, ao Seminario de Estudos Galegos, a toda aquela renacencia extraordinaria da cultura galega.



FAME E ARMAMENTO

Cando penso que hai tanta xente morrendo de fame, cando hai nacións enteiras que están na maior miseria e que se están gastando miles de millóns en armamento; cando o armamento dun só día, os gastos dun só día dunha destas nacións calquera bastaba para paliar a fame de moitos centenares de homes, síntome horrorizado precisamente porque estamos nunha época en que o mal está dominando o mundo.



O IDIOMA GALEGO

Do único xeito que se pode aprender unha lingua: dende neno. Non nos libros; senón na casa, coa familia, cos amigos. O que hai que facer é sensibilizar a xente respecto a isto e que adoiten, que se afagan a falarlles galego aos rapaces. Iso é o que hai que corrixir e ese é o gran labor dos mestres: de falarlles en galego aos rapaces. Non ensinarlles o galego senón falarlles en galego. E que o rapaz lles conteste en galego e entón para ese rapaz o galego vai adquirindo categoría cada vez maior. E chegará o día en que o pai lle falará en castelán e o rapaz lle responderá en galego. Este é o gran ideal.



INFANCIA E ADOLESCENCIA

Cando un se pon a lembrar os primeiros anos da súa vida atopa unicamente algúns retallos pequenos, illados, que non teñen relación uns cos outros. Eu lembro, por exemplo, sendo eu moi neno, un día que fuxín da casa. Na casa, grande alarma; lanzáronse por aí a buscarme e atopáronme na alameda cun paquete de periódicos vellos debaixo do brazo, vendendo periódicos. Eu movía –porque entón os periódicos vendíanse polas rúas–. Por aquí pasaba sempre un vendedor de periódicos que foi moi célebre, que aínda continúa a cousa del, que era, isto..., Lisardo, e hoxe ten aquel establecemento no Padre Feixoo: pero claro, xa non é. Aquel vendía os periódicos, ía, viña por aquí e eu recordo os pregóns del, era cego, e recordo os pregóns del: “¡A *Correspondencia!*, ¡*Diario de Orense!*, ¡*O Socialista*, que hoxe vén bo!”. Pois continuaba e, ás veces, paraba nas esquinas das rúas a pregoar tamén: “¡Hoxe fulano de tal ten cabrito! ¡En tal sitio hai merluza fresca a tanto!”. Pregoaba tamén o (...) e os periódicos atrasados íaos gardando, e de vez en cando, seica cada oito días ou cada dez días, saía á rúa con eles e vendíaos: “¡Dez periódicos dun can, que serven para calquera cousa!”, vendendo os periódicos aqueles.

Logo lembro, tamén, claro, hai que ter en conta que en Ourense non existían autos. Unicamente de vez en cando pasaba algún coche de cabalos. E nós, rapaces, corriamos detrás del para montarnos no portaequipaxes. Pero claro, no portaequipaxes cabían dous ou tres, e os demais, os que non alcanzaban sitio, entón berrábanlle ao cocheiro: “¡Eh, trae atrás, que lle van detrás!”. E o cocheiro agarraba o látego e atizaba desde o portal, desde o...

—Pescante

...desde o pescante atizaba para atrás, para botar aos rapaces. Ás veces escapábaselle o, escapábaselle o látego e arreáballes aos viaxeiros que fan dentro; pero, en fin, era a gran diversión nosa.

Era un Ourense pequeno, porque era un Ourense, mire vostede, podemos situar a Ourense naquela época, darlle os límites seguintes: por un lado, o Xardín do Posío. Por outro lado, a estrada do Progreso, coa Alameda. Do outro lado do Barbaña había unhas cantas casiñas espalladas con hortas pero nada máis. Pola banda esta de aquí remataba, que se chamaba entón a Estrada de Trives, e a rúa esta que é hoxe a rúa do Paseo, segue sendo a rúa do Paseo ata o Parque de San Lázaro. Era un sitio tan extraurbano que por aí aprendín a andar en bicicleta pola rúa esa. E polo norte, pola banda esta de Montealegre, chegaba pouco máis ou menos ata a Praza de San Cosme. Ese era o Ourense de entón. Os rapaces ás veces os domingos queríamos ir ao

monte, e para ir ao monte pois aos cincocentos metros estabamos xa en pleno monte.

E aquí, a rúa esta, a rúa da Paz era a rúa principal de Ourense. Aquí facíase o paseo, entón aínda había paseo. Hoxe, claro, hoxe é imposible nin nesta rúa nin en ningunha. Hoxe o paseo os que o fan son os automóviles. Entón a xente paseaba a determinadas horas, desde ás seis e media ou por aí, facíase o paseo, a xente viña pasear ao longo da rúa. Estaba, era unha rúa importante. Estaba a redacción e a imprenta do *Miño*, o periódico, estaba aí adiante a xastrería dun home moi célebre, que era o Varela, estaba unha librería, a de Miranda, e estaba o *Teatro Principal*. Principal, en realidade era o único. Non podía ser máis principal porque era o único que había en Ourense. E máis tarde ese teatro, cando empezou o cine a aparecer por aí, transformárono en cine. E puxéronlle na porta un timbre. E media hora antes de comezar a función empezaba a tocar o timbre aquel. Oíase en case todo Ourense porque, claro, Ourense era un sitio de silencio absoluto, non había motos, non había coches. Oíase en todo Ourense o timbre aquel anunciando o comezo da sesión. Porque entón o cine, ben, montáronse despois máis cines, un deles o *Salón Apolo*, que se chamou primeiro *Variedades*, que era de madeira, que estaba onde está hoxe a Casa de Conde, na esquina da rúa do Paseo e a rúa da Alba.

—Onde está o Banco Pastor.

Alí ardeu, era de madeira e ardeu. Refixérono e fixeron o Salón Losada.

—*O Salón Apolo.*

O Apolo, o Salón Apolo. Pero ao primeiro chamábase *Variedades* porque o cine entón era moi pintoresco, era mudo, naturalmente, e en branco e negro. Pero como o cine era mudo non había nada que oír, e entón a xente falaba en voz alta. E había unha orquestra para entreter á xente porque en cada parte —viñan as películas divididas en partes—, mentres rebobinaban a parte e colocaban a outra había pois un espazo baleiro. E entón a orquestra tocaba. E tocaba cousas coñecidas da xente; e sobre todo os rapaces, desde xeral, que custaba un can a entrada, dez céntimos, acompañabamos as músicas que tocaba a orquestra. E chamábase *Variedades* porque ao terminar o cine a sesión non acababa, senón que saía unhas veces unha cantante, outras veces un malabarista. Claro, era na praza do Ferro.

Na Alameda, e na rúa que está entre a Deputación e a Casa Simeón, alí tiñamos os grandes partidos de pelota. Pero claro, hoxe non se concibe un grupo de rapaces xogando alí, cos coches, cos automóbiles. Entón, non. Había media ducia de señores que pasaban por alí, pero nada máis.

Usabamos, outra cousa, que tiña certa gracia, moi útil, era a que chamabamos aquí, non sei por que, boina vaguesa. Que eran boinas, eran

boinas bilbaínas, e tiñamos unha habilidade extraordinaria, porque con esa boina facíamos unha pelota, e usabámola de pelota. E cando parabamos de xogar desfacíamos a pelota e encasquetabamos outra vez a boina; que nos servía tamén, cando iamos ao monte, para cazar grilos. Cazabamos os grilos cunha palliña e metíámoslos na cabeza debaixo da, debaixo da gorra, e así traíámoslos para a casa. Na casa despois mercabamos, que custaban, paréceme que un can, a gaiola para grilos que vendían por aí, pois mercabamos unha gaiola e tiñamos o grilo. Rara era a casa de Ourense onde houbese rapaces, que non tivese o seu grilo correspondente.

Logo era un Ourense, diría eu, familiar, no sentido de que naquel Ourense coñecía-se todo o mundo. Estoulle falando dun Ourense que tería arredor de doce mil habitantes. Hoxe pasa dos cen mil. Aqueles doce mil habitantes pois coñecíanse todos. Non había, ademais, non había –fóra dalgúns, había claro, sempre aparece o tipo–, pero non había distincións sociais. O señor, un obreiro, eran todos uns. Eu recordo que meu pai tiña unha grande amizade con don Bernardino Temes, o médico, pai do médico actual, que por certo foi o que me cortou o dedo este. Esmagárao e empezou a aparecer a gangrena nel e entón cortou, cortoume o dedo e curoumo.

—Que foi de rapaz tamén o dese dedo.

—Pois debía de ter eu seis anos ou unha cousa así tería eu cando...

—Que foi un corte que fixo aí...

—¿Eh?

—Que fora un corte que fixo aí, ou unha ferida.

—Non. Foi unha barbaridade desas que fan os rapaces. Onde está, eu digo moitas veces que a torre, o edificio ese da torre está feito en honor do meu dedo, porque aí había unha panadaría. A panadaría que se chamaba *Cívico-militar*. E un día, pois, aquí na casa fixeron unha cousa moi corrente. Preparaban a empanada e levábana a cocer ao forno. Un día pois fixérona e a criada que tiñamos foina levar e eu fun con ela. E mentres estaban metendo a empanada no forno, eu vin alí unha máquina que tiña un volante, deille ao volante, a máquina empezou a andar, e era unha máquina de grammar o pan. Tiña dous cilindros e agarroume os dedos estes entre os cilindros e non me levou toda a man de milagre.

Cóntase que nunha ocasión veu aquí Unamuno e visitou a Lamas Carvajal, visitou a dona Filomena Dato, e a non sei quen máis. Que resulta que cada un deles tiña un tolo na casa e que Unamuno marchou un pouco asustado dicindo: “¡Pero se en Ourense en cada casa hai un tolo!”. Porque efectivamente había uns tolos moi pintorescos.

Un deles era don Juan Dato, irmán de dona Filomena Dato Murais. Este don Juan Dato era médico, e púxose tolo. Era médico militar, púxose tolo na Guerra de Cuba, cando veu da Guerra de Cuba, veu

o home tolo. Claro, non puido volver exercer. E tiña unhas manías rarísimas. Ao mellor dáballe por vir cun caldeiro á praza do Ferro e dedicarse a baleirar o pío. Enchía o caldeiro, ía a un sumidoiro a *bazar* a auga. Claro, a auga seguía correndo, non a acababa nunca con aquilo. Ía ao portal na rúa de Alba, ía ao portal dun médico que había alí, que era Rionegro. Rionegro, un gran médico. E non se sabe por que, nin se sabe que quería dicir aquilo, desde o portal berráballe: “¡Eu non lle pago, que lle paguen os pochos!”. Non se sabe quen eran os pochos nin o que tiñan que pagarlle. Pero deulle por aí, e ía berrarlle. Dáballe tamén por pechar as ventás. Se pasaba por aí pola rúa e a ventá desta casa estaba entreaberta, subía, chamaba, abríanlle a porta, entraba, pechaba a ventá, volvía marchar tan tranquilo. No instituto, xa entón era eu alumno do instituto, no instituto foi unha vez, e o instituto ten, ou tiña, un paseo todo arredor, un corredor no primeiro piso con ventás destas de guillotina. Estaban abertas. E entón don Juan empezaba a baixalas e nós detrás del. E el baixaba as deste lado, daba a volta para baixar as daquel, e nós detrás del levantándoas outra vez. E insisto, un home un mar de tempo baixando as ventás sen darse conta.

Outro tolo era o Rufino. O Rufino estaba, era panadeiro, e estaba tolo só no verán. Cando viña a calor, entón o home trastornábase. Tamén fora tolo de guerra; este fora da Guerra de Filipinas. E andaba polas rúas, cando lle daba a tolería, cun pao ao lombo marcando o

paso. Era ao que se dedicaba, non se metía con ninguén, nin facía dano ningún.

Había outra, era unha tola, a Bruxa, unha velliña que cantan que pola mañá cando saía da casa, no portal da súa casa axeonllábase, rezaba un noso pai, persignábase, collía a vara e dicía “vamos á guerra”, e saía. Porque se metían con ela: “¡Bruxa, matáche-lo fillo no palleiro!, ¡Bruxa, Bruxa!”. E ela frenética, pois metíase coa xente. Levaba unha latíña chea de auga para botarlle á xente. Unha vez na esquina onde está hoxe ese café, *Café Latino*, aí había un comercio de Celestino. E un día viña ela cara a aquí e os dependentes metéronse con ela. Ela non dixo nada. Calou como se non oíse. Deu a volta e ao chegar ao escaparate de aquí da rúa da Paz agarrou a vara, arreoulle unha vareada ao cristal e rompeuno. E continuou moi tranquila. “¡Agora como eu estou tola que veñan reclamarme!”.

Miña avoa materna tiña casa en Lobeira, que é hoxe miña, e pasabamos os veráns alí. Parte do verán, quince, vinte días, íámoslos pasar a Vigo, porque en Vigo estaba o meu avó materno, porque a miña nai era de Vigo. Pero a miña nai, aínda que era de Vigo, ela sentíase máis a gusto aquí que en Vigo. Cando íamos a Vigo, ía de visita, por dicilo así. Hai que ir ver a familia, hai que estar con ela, e todo. Pero ela onde se encontraba a gusto era aquí. Non só en Ourense senón en Lobeira. A miña nai era moi popular en Lobeira, ata o extremo de que,

mire vostede, Lobeira son varios, nestas parroquias de Galicia, que son varias entidades. Nunha delas, Facós, é onde temos a casa, e pasabamos alí o verán. Incluso estando na Universidade meu irmán e eu, antes das vacacións de Nadal diciámoslle a miña nai: “Imos ir tal día de vacacións”. E miña nai marchaba a Lobeira. E as vacacións pasabámolos en Lobeira, non en Ourense.

Pois mentres miña nai, como miña nai estivese en Facós, no verán ou en Nadal, en calquera época, non morreu un só home, unha sola persoa que non tivese a miña nai na cabeceira. Cando nalgunha casa se atopaba mal alguén, “Ai, que fulano está moi mal, ide avisar á Señorita”. A Señorita era miña nai, “Ide avisar á Señorita”. Viñan onda miña nai: “Mire dona Juaquina que está fulanín moi grave”. Alá marchaba miña nai e estaba alí con el ata que morría.

Logo era moi amiga dos rapaces. Gustábanlle moito os rapaces. Chamábanlle os rapaces, que eran: “Vamos á festa da Señorita”, “¿A onde vas rapaz?”, “Vou á festa da Señorita”. A festa da Señorita era, hai alí unha pequena capela, que os levaba alí, ensinábanlles cantigas, rezaban o rosario, dábanlles caramelos, ou figos, ou por aí, e os rapaces entusiasmados coa miña avoa (sic). As mozas ían polas tardes á casa, e alí no corredor, miña nai ensinábanlles a bordar, ensinábanlles, ensinou ela a algunhas ensinoulles a ler, aínda agora me fala algunha nai cando viñamos aquí: “Cando vivía súa nai, eu, o que bordo, mire estas cousas bor-

deinas porque me ensinou ela a bordalas”. Era moi, unha cousa moi expresiva que din por alí, era moi dada.

E é que meu pai, meu pai valía moito. Meu pai foi, era un gran debuxante, era un gran escritor, pero foi un home que casou. E, en canto nacemos meu irmán e eu, abandonouno todo para dedicarse única e exclusivamente a nós. Non volveu intervir en nada. E tiña unha conversación extraordinariamente agradable e coñecía moi ben á xente. De maneira que sabía levarlle as conversacións alí, as cousas que á xente lle interesaba. Para aí os homes pasaban o tempo con el encantados.

Eu, en realidade, non fun nunca á escola porque o meu mestre foi sempre o meu pai. Unicamente unha tempada antes de ingresar no instituto dixo meu pai: “Ben, vas ir ao colexio este, aos Villares, rexido por don Amador e don Saturnino Villar, con obxecto de que te poñas en contacto con outros rapaces, que son os que van ser compañeiros teus de bacharelato. De maneira que convén que vaias para que te vaias familiarizando con eles”. E para iso fun. O demais, a preparación toda, o mesmo que a das materias do bacharelato era meu pai, o noso, o noso mestre. El preparábanos aquí, era un gran matemático e tiña unhas grandes condicións de pedagogo. E el preparábanos as materias aquí na casa polas tardes. Incluso no verán, para que non perdésemos o tempo, dábanos clases de debuxo a meu irmán e a min. E miña nai dábanos clase de francés a meu irmán e a min, aos dous. E xa sabíamos, duran-

te o día, tiñamos un tempo determinado pola mañá para unha cousa e outro determinado para outra. Un co debuxo e miña nai co francés. Meu irmán era tres anos máis novo ca min.

E cando eu rematei o bacharelato foi cando morreu meu pai. Entón, claro, xa para nós cambiou a vida completamente porque tiñamos do meu avó unhas propiedades en Bos Aires. Corría con elas un administrador, e en canto o administrador soubo que meu pai morrera quixo aproveitarse e quedar con aquilo. Puxo un preito e miña nai, recentemente morto meu pai, tivo que marchar a Bos Aires, alí tiña un irmán casado, pero alí tiña un irmán, claro foi para onda o irmán, e alí estivo tres anos defendendo o preito ata que o gañou. E eses tres anos meu irmán e eu quedamos, o meu irmán co meu avó de Vigo e eu coa miña avoa aquí. Antes de que regresase miña nai, morreu miña avoa, e entón eu funme tamén para a casa do meu avó para Vigo. E estivemos alí meu irmán e eu ata que veu miña nai, en que retornamos xa para, definitivamente, para Ourense.

Meu irmán empezou Arquitectura. Meu irmán era un gran debuxante, e empezou Arquitectura porque creu que o arquitecto era un artista. Pero resulta que se bota á cara con aquilo, e empeza a ter que estudar álgebra, a ter que estudar xeometría, a ter..., esta cousa que *lle tiña* completamente *sen cuidado* e entón decidiu deixala e empezou Filosofía e Letras. E para estar os dous xuntos, cando rematou o primeiro ano veu

para Santiago. Eu tamén. Fómonos para Santiago e xa seguimos alí estudando os dous Filosofía e Letras ata o derradeiro ano, que foi no ano 34, en que nos puxeron a proa uns profesores da universidade. Puxéronnos a proa porque traballabamos no Seminario de Estudos Galegos e porque eramos galeguistas. E iso entón alí non se podía, non se toleraba. E cando vimos o xeito que levaba a cousa trasladámonos, o último curso, trasladamos a matrícula a Zaragoza, porque tiña o plan –entón había diversos plans segundo as universidades–, e o que tiña máis parello co de Santiago era Zaragoza. Fómonos para Zaragoza e alí no mes de abril –rematabamos a carreira en maio–, no mes de abril morreu meu irmán, dunha septicemia. Xa non, claro, non rematou a carreira, por iso, por un mes. E eu, claro, con todo aquel trastorno, pois xa non me examinei en maio e funa rematar en setembro do mesmo ano.



NÓS E O MUSEO DO POBO GALEGO

Haise que remontar, claro está, alá aos anos en que Risco, Cuevillas e Otero iniciaron aquí un labor marabilloso de potenciación do galego como lingua científica: é o *Nós*. De alí saíu o *Nós*, e o *Nós* é un fito fundamental na cultura galega. Na casa de Vicente Risco xuntábanse moitas xentes, uns de paso, ían un día, outros non volvían. Outras veces eran xentes de afora que pasaban por Ourense e ían recalar alí para pórse en contacto con estes homes; e logo pois eramos uns cantos que dunha maneira permanente e constante íamos traballar alí. A traballar, non, unhas veces eran tertulias, outras veces eran traballos pero sempre a un labor feito, claro está, dirixido por eles. Alí catalogáronse castros, alí recolléronse cantigas, alí clasificáronse contos, alí fixéronse toda unha serie de obras que quedaron. Moitas perdéronse despois, traballos que, claro, non chegaron a publicarse, e perdéronse despois por, ben, como consecuencia de todas estas circunstancias que produciron unha ruptura, un *hiatus* no movemento galego. Pero alí formáronse homes, homes en todos os terreos. Porque alí estaba, claro, eu non podo agora lembralos todos un por un, pero, en fin, como mostras pois baste falar por exemplo de Prego, que ía alí, que alí facía os seus debuxos; o

desaparecido Trabazos, Luís Trabazos, tamén ía alí, tamén opinaba e escribía; ía o Ben-Cho-Shey; ía Xesús Taboada, ía eu e despois, claro está, Cuevillas, Risco, Otero, dunha maneira permanente.

Os domingos, por exemplo, saíamos aos arredores, unhas veces máis lonxe outras máis preto, a catalogar unha igrexa, a visitar un castro, a recoller cantigas ou contos de alguén que sabíamos que, en fin, que as coñecía.

Por certo, que hai unha anécdota da que non oín falar nunca e que ten certa gracia, ten certa gracia. Iamos os domingos. En xeral, os constantes eran Otero, Risco, Cuevillas, Ben-Cho-Shey e eu. Eramos os constantes, despois agregábase algún outro unhas veces, e outras non. Pero sempre nos atopabamos coa mesma dificultade, sempre tiñamos que saír con certa tardanza, sempre con atraso, porque había entre todos estes un home amante do fútbol que non quería saír de Ourense mentres non rematasen os partidos que se xogaban entón no campo do, no campo ese, o campo do Loña, o antigo campo de fútbol, que hoxe xa desapareceu. E este home non toleraba saír de Ourense sen ter visto o remate do partido. Este home era nada máis e nada menos que Florentino Cuevillas. Florentino Cuevillas, farmacéutico, empregado da Facenda, arqueólogo, e afeccionado ao fútbol. Despois máis tarde deixouno, non volveu ocuparse diso. Pero entón si. E alí se fixo ese niño de cultura de onde saíu o *Nós*, de onde saíu despois o Seminario de Estudos Galegos.

Logo veu a Guerra e todo isto desorganizouse. En primeiro lugar, claro, as circunstancias, que nos levaron a uns a un sitio e a outros a outro; as dificultades de se xuntar, entón non se podían ter xuntanzas deste tipo, e moito menos cando tiñan un signo político, porque a nós, aínda que eramos uns homes adicados exclusivamente á ciencia, pois eramos deses que eran galeguistas. E o ser galeguista era un crime e, claro, non podíamos xuntarnos. E así foise espallando isto, e entramos nun período, non direi de esquecemento, porque esquecemento non o houbo nunca. Todo aquel material que nós recolleramos, o material que xa se recolleu no Seminario de Estudos Galegos nos primeiros tempos, todo aquilo quedou; e a base diso, fóronse facendo unha serie de traballos que se publicaron en moitas revistas de aquí. Unhas de aquí de Galicia: por exemplo no Instituto Padre Sarmiento, co que quixeron substituír ao Seminario de Estudos Galegos. Outros no Consello Superior de Investigacións Científicas, na revista de Dialectoloxía, na de Arqueoloxía, na do Padre Sarmiento, no Instituto, nos *Cuadernos de Estudios* do Instituto Padre Sarmiento, dependentes todos eles do Consello Superior. E alí téñense publicado traballos ao longo de todo ese tempo. Alí publicou Risco, publicou Cuevillas, publicou Otero, publicou Xesús Taboada, publicou Ben-Cho-Shey, publiquei eu. Publicaron, en xeral publicamos todos os que traballamos naquel núcleo. O que ocorre é que, claro, traballamos xa un pouco desligados uns dos outros.

Xa non tiñamos esa colaboración mutua da que saíron, por exemplo, a xeira de Lalín, a xeira da terra de Melide, safu o libriño ese da *Terra de Melide*, de onde se organizaban os arquivos do Seminario de Estudos Galegos.

Agora xa non. Esa convivencia desapareceu en parte, porque eu, por exemplo, continuei con, sobre todo con Risco e con Cuevillas, continuei traballando cóbado a cóbado, constantemente. E eu mesmo con Otero, claro. Otero tñíao en fronte da miña casa. Otero naceu, viviu e morreu aquí en fronte da miña casa. Cuevillas estaba aí ao lado, na praza do Ferro, e Risco un pouco máis adiante, na rúa de San Domingos. De maneira que nos víamos constantemente. E así continuabamos ese traballo de colaboración, pero non a colaboración xa máis miúda. Ata que claro, apareceu, en fin, foron cambiando os tempos. Isto modificouse.

E hoxe estamos nun intre difícil para, refírome á cultura galega de Ourense, difícil porque nos falta xente, hai pouca xente para traballar nela. Porque a xente que está disposta a traballar, e que quere traballar e lle interesa isto, non queda en Ourense. Vaise a Santiago á Universidade, e traballan na Universidade ou en Santiago. Exemplo de aí, claro, porque a consecuencia de todo isto son estas novas asociacións ou estes novos centros de cultura que se están organizando hoxe.

É, por exemplo, o Museo do Pobo Galego, onde está colaborando unha enorme cantidade de xente, e a Sociedade Galega de Historia

Natural, que está facendo cousas moi interesantes, precisamente acaban de publicar o segundo número da revista *Braña*. E, claro, estes rapaces están traballando e farán cousas moi grandes e moi boas. Estanas facendo xa, aínda que claro, tropezan de momento con falta de medios, pero a falta de medios non foi un obstáculo nunca. Eu teño a teoría de que estas agrupacións de tipo cultural soamente traballan ben cando están enbedadas. Mentres, mentres dispoñen de moito diñeiro non dan de si, materialízanse demasiado. En cambio, cando se está debendo diñeiro é cando hai que apertar os cúbados contra a mesa e hai que traballar en firme. E isto é o fundamental. En realidade, nós queremos todo no Museo do Pobo Galego. Porque cando se fala da cultura dun pobo, non é só a cultura popular; hai que ter en conta que a cultura popular dá despois lugar a que, en fin, *valla a redundancia*, á cultura culta. Un señor que inventa un arado de ferro, invéntao pero é porque hai antes un arado de madeira feito polas xentes do pobo, senón el non podería inventalo. Un muíño mecánico ou un tear mecánico funciona porque antes houbo un popular. E pola súa vez este, esta forma popular do, en fin, dos aparellos da cultura, ten tamén uns antecedentes de tipo histórico.

Hai que ter en conta que os períodos máis vellos da historia, a prehistoria concretamente, non é máis que etnografía. Fóra dalgunha manifestación de tipo artístico que puideramos –en último termo a cousa é moi discutible–, pero, en fin, que puídesse tomarse como unha

cousa culta, o demais é cultura popular. Non hai motivo para separar dentro deste tipo de estudos a macheta do home paleolítico da machada que fai o ferreiro hoxe nunha forxa dunha aldea calquera. É o mesmo. Varía o material, variou a factura, pero é o pobo quen o fai e o pobo quen o crea. Así o Museo do Pobo Galego comeza por iso, pola prehistoria, e logo, claro, imos reunir todo o que poidamos en canto a ese material.

Pero, por outro lado, tampouco queremos que o Museo do Pobo Galego sexa unha obra morta. Como non queremos que o Museo sexa unha habitación onde se meten en frascos con alcohol uns exemplares de cousas para que as xentes as vexan. Non. Queremos algo vivo, e ese algo vivo farase a base de publicacións, a base de conferencias, a base dalgunhas exposicións, como algunhas que se fixeron aquí, por exemplo, a da dorna, a dos cruceiros, a dos reloxos de sol, a do monte. Todo isto, que logo se fará dunha maneira itinerante en diversas, en diversos pobos da Galicia, é ao que aspira o pobo galego, para que a xente vexa, coñeza e se interese por esa cultura popular. Agora, contamos, claro, con poucos medios aínda. Isto é un labor de tempo e de diñeiro, pero temos o fundamental, e o fundamental é en primeiro lugar un edificio onde estar instalados, que é o convento de San Domingos en Santiago.

E despois, o que non se pode, o que non se pode improvisar, un fato de rapaces que están traballando con todo o seu interese e con todo

o seu corazón no Museo do Pobo Galego. Rapaces que fan todo o que hai que facer, dende pórllle selos ás cartas, ata montar as cousas no museo, pintar, instalar luces, facer o que haxa que facer, pero faise. E así estanse abrindo cada ano, estanse abrindo novas salas. Agora, neste verán, pois contamos con que se abran dúas ou tres máis.

E así, pouco a pouco, ir facendo unha recolleita de todo isto que se perde. Porque a etnografía está nun perigo gravísimo. A xente non se dá conta deste perigo. Un castro, por exemplo, ou as ruínas dunha vila romana, se non se escavan hoxe, escávanse dentro de cincuenta anos; as cousas están alí, esas xa non se perden. En cambio, as cousas que o pobo usa, que vai desbotando, esas desaparecen. Hoxe xa é difícilísimo encontrar algunhas, algunhas cousas destas do pobo. Hoxe un arado de madeira xa é difícil; unha cambela *costa Deus e axuda* dar con ela. Agora andamos aquí atrás dunha, a ver se conseguimos unha barca destas de dornas do río Miño, que desapareceron practicamente.

E dese xeito, hai outras moitas cousas que se están perdendo definitivamente, que hai que recollelas agora, porque é o intre agora. En canto deixemos pasar uns anos, todo iso non queda xa nada del, e naturalmente esas cousas convенnos conservalas. É a única maneira de entender un pobo o entender a cultura dese pobo. E a cultura é a cultura popular, que esa non se improvisa nin pode vir de fóra porque esa é obra do mesmo pobo. É tan obra do pobo como é o idioma. Nós

non podemos esperar para comunicarnos que nos veñan traer unha lingua de afora. Temos que usar a nosa, o galego, e a nosa cultura ten que estar baseada nesa cultura popular, na cultura que fixo o pobo. Poden vir de afora mestres da pintura ou da escultura ou da literatura, do que non poden vir é mestres que sexan capaces de facernos un arado de madeira ou de facernos unha grade ou de montarnos un muíño de rodicio.

Hai que ter en conta que neste traballo hai dous aspectos: un é a recollida de material e logo o estudo dese material. E a recollida deste material é unha cousa perfectamente factible. Grupos de rapaces, por exemplo, que saísen facer excursións e nas que levasen unha máquina fotográfica ou algún que soubese debuxar, ir recollendo as cousas que lles chamasen a atención, de casas, de aparellos de labranza, de cousas deste tipo, tomar notas, preguntarlle á xente. Eu teño encargado traballos destes moitas veces a alumnos meus, e téñenme feito cousas moi interesantes de recollida de materiais de determinados aspectos. Por exemplo, sobre o cultivo do millo ou do corte da leña, de calquera cousa destas, nunha parroquia determinada, e traíanme cousas moi interesantes. Estes traballos, que eu recollía, pois están hoxe, leveinos para o Museo do Pobo Galego. E isto sería perfectamente factible no día de hoxe. Porque xa digo, trátase de momento de recoller materiais. Despois, estes mesmos rapaces que seguen un vieiro determinado nos seus

estudos, pois eles mesmos facer despois estudo dese material recollido. Hai moito por facer, hai moito por facer.

E sería moi interesante esa recollida porque o que non se recolla agora, son cousas que se perden. O día de mañá, pois, en fin, aínda haberá cousas, pero eu teño unha experiencia, no ano 32, mellor dito, ata o ano 32, eu estiven recollendo cantigas de alá da terra da comarca esa da Limia Baixa. Publiqueinas. Son preto de tres mil; xa non encontro alí unha soa persoa que saiba esas cantigas. Perdéronse totalmente. E son, xa digo, recollidas ata o ano 32. De entón para acá non recollín ningunha. Pero esas, a xente de alí xa non as coñece. É unha cousa que se está perdendo. É como quen tira unha cousa polo río abaixo e non a colle no momento en que a ten á man. Despois a auga lévaa e non se volve ver. E aquí ocorre o mesmo. Isto váisenos.

Hai que ter en conta que o norte de Portugal e Galicia son practicamente o mesmo. Se ben politicamente hai unha diferenciación, xeograficamente, historicamente e etnograficamente é o mesmo. Incluso o idioma é, hai que ter en conta que os cancioneiros galaico-portugueses están escritos e chámanlle en idioma galaico-portugués, porque naturalmente nin era portugués nin era galego; era galego e era portugués ao mesmo tempo. E a identidade é tan extraordinaria que se ten visto moitas veces, e estámolo vendo constantemente desde traballos que facemos de etnografía sobre todo, que tropezamos cos mesmos feitos,

tropezamos cos mesmos costumes, mellor conservados en Portugal, por exemplo, na materia de traxes. Pero, en xeral, pois é o mesmo. A cultura do norte de Portugal e a da Galicia é exactamente a mesma cultura. Como é tamén a cultura do occidente de Asturias, da parte da zona esa do Bierzo. En fin, todas as terras limítrofes forman parte culturalmente desta que, en fin, chamamos tamén moitas veces, por iso, lle chamamos cultura do noroeste, non cultura de Galicia.

Porque ao falar de Galicia, claro, enténdese a Galicia xeográfica de hoxe; e non, ten un ámbito máis amplo. E esta colaboración precisamente do norte de Portugal e de Galicia no terreo da investigación estámola vendo constantemente. Eu teño asistido a unha serie de congresos de etnografía, e en todos eles se insistía sempre no mesmo, en que é necesario unha colaboración estreita de investigadores galegos e portugueses porque estamos investigando o mesmo; estamos investigando a mesma cultura.

Eu ando, hai algún tempo, cun traballo sobre a distribución dos diferentes tipos de xugos en Galicia. E atopeime con que as tres zonas en que se empregan os tres tipos de xugos que hai en Galicia prolónganse matematicamente polo norte de Portugal, e cada tipo de xugo de Galicia comprende unha zona que logo segue cara ao sur por Portugal. É o mesmo. É un feito, por exemplo, que non logrou romper a política. É un feito cultural que continuou. Como imos falar da distribución de

xugos na Galicia se non podemos ampliálo ao norte de Portugal, onde o fenómeno continúa exactamente igual. E, en xeral, en todos os aspectos da cultura, sobre todo deste da cultura popular, o norte de Portugal –o sur xa non tanto, claro, porque está influído por outros elementos–, pero do norte de Portugal e de Galicia é o mesmo.

	PÁXINA
PRESENTACIÓN	7
LIMIAR	9
TRANSCRICIÓN	13
[PISTA CD]	
[1] A vida que Deus me deu	17
[2] O que eu fixen	18
[3] Fundirse na paisaxe	19
[4] A etnografía	20
[5] O carballo da Portela	22
[6] O pobo e a xente	23
[7] O trato cos campesiños	24
[8] A educación	26
[9] As relacións Otero Pedrayo - Risco	29
[10] O froito da <i>Xeración Nós</i>	32
[11] Losada Diéguez	33
[12] Fame e armamento	34
[13] O idioma galego	35
[14] Infancia e adolescencia	36
[15] <i>Nós e o Museo do Pobo Galego</i>	48
FONTES DOS DOCUMENTOS SONOROS	
Entrevista <i>Parladoiro - Radio Galega</i> : 1, 3, 5, 6, 10, 11, 12, 13	
Entrevista Manuel Guede Oliva: 2, 4, 7, 8, 9	
Entrevista Alfredo Vara: 14	
Entrevista Afonso Vázquez-Monxardín: 15	



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

+ SECCIÓN DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL + SECCIÓN DE ARQUITECTURA + SECCIÓN DE COMUNICACIÓN. Arquivo de Comunicación + SECCIÓN DE DEREITO GALEGO + SECCIÓN DE CULTURA GALEGA NO EXTERIOR. Arquivo da Emigración Galega + SECCIÓN DE LINGUA. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia + SECCIÓN DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. **Arquivo Sonoro de Galicia** + SECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO + SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS + SECCIÓN DE PATRIMONIO NATURAL + SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE + SECCIÓN DE LITERATURA E INDUSTRIAS DA EDICIÓN



ARQUIVO
SONORO
DE GALICIA

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
PAZO DE RAXOI, 2º ANDAR. PRAZA DO OBRADOIRO. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEL. 981 95 72 02. FAX 981 95 72 05. WEB www.consellodacultura.org

as nosas voces

20